

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

4054 *Corrección de erros do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración electrónica.*

Advertidos erros no Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración electrónica, publicado no Boletín Oficial do Estado, suplemento en lingua galega número 25, do 29 de xaneiro de 2010, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 9, no artigo 27, número 3, onde di: «responsable da información», debe dicir: «responsable da seguridade do sistema».

No anexo II, páxina 17, na táboa do número 2, na medida op.pl.1, onde di:

n.a.	+	++
------	---	----

Debe dicir:

aplica	+	++
--------	---	----

No anexo II, páxina 18, na táboa do número 2, na medida op.exp.11, onde di:

aplica	=	+
--------	---	---

Debe dicir:

aplica	+	=
--------	---	---

No anexo II, páxina 19, número 2, epígrafe 4, debe engadirse unha alínea «f) Nas táboas do presente anexo empregáronse cores verde, amarela e vermella da seguinte forma: a cor verde para indicar que unha certa medida se aplica en sistemas de categoría BÁSICA ou superior; a amarela para indicar as medidas que empezan a aplicarse en categoría MEDIA ou superior; a vermella para indicar as medidas que só son de aplicación en categoría ALTA.»

No anexo II, páxina 22, no número 4.1.4 débese engadir «Nivel MEDIO» antes de «Con carácter previo á posta en explotación, realizarase un estudo previo que cubrirá os seguintes aspectos:»

No anexo II, páxina 23, no número 4.1.5, débese engadir «Categoría ALTA» antes de «Utilizaranse preferentemente sistemas, produtos ou equipamentos cuxas funcionalidades de seguridade e o seu nivel fosen avaliados conforme normas europeas...»

No anexo II, páxina 24, no número 4.2.3, débese engadir «Nivel MEDIO» antes de «O sistema de control de acceso organizarase de forma que se exixa a concorrencia de dúas ou máis persoas para realizar tarefas críticas...»

No anexo II, páxina 25, no número 4.2.4, letra c), onde di «propietario», debe dicir «responsable».

No anexo II, páxina 26, no número 4.2.7, débese engadir «Nivel BAIXO» antes de «Garantírase a seguridade do sistema cando accedan remotamente usuarios ou outras entidades, o que implicará protexer tanto o acceso en si mesmo (como [op.acc.6]) como a canle de acceso remoto (como en [mp.com.2] e [mp.com.3]). »

No anexo II, páxina 27, no número 4.3.1, onde di «identificando o seu propietario», debería dicir «identificando o seu responsable».

No anexo II, páxina 27, no número 4.3.3, débese engadir «Categoría MEDIA» antes de «Xestionarase de forma continua a configuración dos compoñentes do sistema de forma que: »

No anexo II, páxina 28, no número 4.3.5, débese engadir «Categoría MEDIA» antes de «Manterase un control continuo de cambios realizados no sistema, de forma que: »

No anexo II, páxina 29, no número 4.3.7, débese engadir «Categoría MEDIA» antes de «Disporase dun proceso integral para facer fronte aos incidentes que poidan ter un impacto na seguridade do sistema, incluíndo:»

No anexo II, páxina 29, no número 4.3.7, onde di: «A xestión de incidentes que afecten datos de carácter persoal terá en conta o disposto no Real decreto 1720 de 2007, no que corresponda.» debe dicir: «A xestión de incidentes que afecten datos de carácter persoal terá en conta o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e normas de desenvolvemento, sen prexuízo de cumprir, ademais, as medidas establecidas por este real decreto.»

No anexo II, páxina 29, no número 4.3.8, débese engadir «Nivel ALTO» antes de «Rexistraranse todas as actividades dos usuarios no sistema, de forma que:»

No anexo II, páxina 30, no número 4.3.9, débese engadir «Categoría MEDIA» antes de «Rexistraranse todas as actuacións relacionadas coa xestión de incidencias, de forma que:»

No anexo II, páxina 30, no número 4.3.10, débese engadir «Nivel ALTO» antes de «Protexeranse os rexistros do sistema, de forma que:»

No anexo II, páxina 30, no número 4.3.11, no cadro relativo á medida op.exp.11, onde di

aplica	=	+
--------	---	---

debe dicir:

aplica	+	=
--------	---	---

No anexo II, páxina 31, no número 4.4.1, débese engadir «Categoría MEDIA» antes de «Previamente á utilización de recursos externos estableceranse contractualmente as características do servizo prestado e as responsabilidades das partes... »

No anexo II, páxina 31, no número 4.4.2, débese engadir «Categoría MEDIA» antes de «Para a xestión diaria do sistema, estableceranse os seguintes puntos:»

No anexo II, páxina 31, no número 4.4.3, débese engadir «Nivel ALTO» antes de «Estará prevista a provisión do servizo por medios alternativos en caso de indispoñibilidade do servizo contratado... »

No anexo II, páxina 32, no número 4.5.1, débese engadir «Nivel MEDIO» antes de «Realizarase unha análise de impacto que permita determinar:»

No anexo II, páxina 32, no número 4.5.2, débese engadir «Nivel ALTO» antes de «Desenvolverase un plan de continuidade que estableza as accións que se deberán executar en caso de interrupción dos servizos prestados cos medios habituais...:»

No anexo II, páxina 32, no número 4.5.3, débese engadir «Nivel ALTO» antes de «Realizaranse probas periódicas para localizar e corrixir, de ser o caso, os erros ou deficiencias que poidan existir no plan de continuidade.»

No anexo II, páxina 32, no número 4.6.1, débese engadir «Categoría ALTA» antes de «Disporase de ferramentas de detección ou de prevención de intrusión. »

No anexo II, páxina 33, no número 4.6.2, débese engadir «Categoría ALTA» antes de «Establecerase un conxunto de indicadores que mida o desempeño real do sistema en materia de seguridade, nos seguintes aspectos:»

No anexo II, páxina 34, no número 5.1.4, débese engadir «Nivel BAIXO» antes de «Os locais onde se sitúen os sistemas de información e os seus compoñentes disporán da enerxía eléctrica...:»

No anexo II, páxina 34, no número 5.1.6, débese engadir «Nivel MEDIO» antes de «Os locais onde se sitúen os sistemas de información e os seus compoñentes protexeranse fronte a incidentes fortuítos ou deliberados causados pola auga.»

No anexo II, páxina 34, no número 5.1.8, débese engadir «Nivel ALTO» antes de «Garantirase a existencia e dispoñibilidade de instalacións alternativas para poder traballar en caso de que as instalacións habituais non estean dispoñibles...»

No anexo II, páxina 35, no número 5.2.1, débese engadir «Categoría MEDIA» antes de «Cada posto de traballo caracterizárase da seguinte forma: »

No anexo II, páxina 36, no número 5.2.5, débese engadir «Nivel ALTO» antes de «Garantirase a existencia e dispoñibilidade doutras persoas que se poidan facer cargo das funcións en caso de indispoñibilidade do persoal habitual...».

No anexo II, páxina 36, no número 5.3.1, débese engadir «Categoría BÁSICA» antes de «Exixírase que os postos de traballo permanezan despexados, sen máis material enriba da mesa que o requirido para a actividade que se está realizando en cada momento.»

No anexo II, páxina 36, no número 5.3.2, débese engadir «Nivel MEDIO» antes de «O posto de traballo bloqueárase ao cabo dun tempo prudencial de inactividade, requirindo unha nova autenticación do usuario para restablecer a actividade en curso.»

Na seguinte liña, onde di «Categoría ALTA» debe dicir «Nivel ALTO».

No anexo II, páxina 37, no número 5.3.3, débese engadir «Categoría BÁSICA» antes de «Os equipamento que abandonen as instalacións da organización e non poidan beneficiarse da protección física correspondente...»

No anexo II, páxina 38, no número 5.4.1, débese engadir «Categoría BÁSICA» antes de «Disporase un sistema cortalumes que separe a rede interna do exterior...»

No anexo II, páxina 38, no cadro do número 5.4.3, onde di:

aplica	+	+
--------	---	---

Debe dicir:

aplica	+	++
--------	---	----

No anexo II, páxina 39, no número 5.4.4, débese engadir «Categoría ALTA» antes de «A rede segmentárase en segmentos de forma que haxa:»

No anexo II, páxina 39, no número 5.4.5, débese engadir «Nivel ALTO» antes de «Garantirase a existencia e dispoñibilidade de medios alternativos de comunicación para o caso de que fallen os medios habituais...»

No anexo II, páxina 40, no número 5.5.2 débese engadir «Nivel MEDIO» antes de «Aplicáranse mecanismos criptográficos que garantan a confidencialidade e a integridade da información contida.»

No anexo II, páxina 40, número 5.5.3, epígrafe a) onde di «mpl.if.7» debe dicir «mp.if.7».

No anexo II, páxina 41, no número 5.5.5, débese engadir «Nivel MEDIO» antes de «A medida de borrado e destrución de soportes de información aplicarase...»

No anexo II, páxina 41, no número 5.6.1, débese engadir «Categoría MEDIA» antes de «a) O desenvolvemento de aplicacións realizarase sobre un sistema diferente e separado do de produción, non debendo existir ferramentas ou datos de desenvolvemento no contorno de produción.»

No anexo II, páxina 42, no cadro do número 5.7.1, onde di:

aplica	aplica	aplica
--------	--------	--------

Debe dicir:

aplica	=	=
--------	---	---

No anexo II, páxina 42, no número 5.7.2, débese engadir «Nivel BAIXO» antes de «1. Para cualificar a información observarase o establecido legalmente sobre a natureza dela.»

No anexo II, páxina 43, no número 5.7.3, débese engadir «Nivel ALTO» antes de «Para o cifrado de información observarase o que se indica a continuación:»

No anexo II, páxina 44, no número 5.7.5, débese engadir «Nivel ALTO» antes de «Os selos de tempo previrán a posibilidade do repudio posterior:»

No anexo II, páxina 45, no número 5.7.7, débese engadir «Nivel MEDIO» antes de «Realizaranse copias de apoio que permitan recuperar datos perdidos accidental ou intencionadamente cunha antigüidade determinada.»

No anexo II, páxina 46, no número 5.8.4, débese engadir «Nivel ALTO» antes de «Garantírase a existencia e dispoñibilidade de medios alternativos para prestar os servizos no caso de que fallen os medios habituais...»